

Os lingüistas acatan a decisión dos académicos, pero queren que a institución tamén asuma a súa responsabilidade

O Instituto da Lingua pídelle á Academia que recompoña o consenso das normas do galego

O Instituto da Lingua Galega e a comisión que elaborou a proposta de modificación da normativa do galego reuníronse onte por separado. Acordaron darlle á Real Academia Galega outra oportunidade e non declararlle

a guerra, pese ó evidente malestar entre os lingüistas. O consello científico do ILG deixou claro que non cuestiona a autoridade da Academia e «asumimos que a súa decisión debe ser acatada», pero esperan que «asuma


(a Academia) tamén a súa responsabilidade e tome iniciativas dirixidas a reconstruír un consenso de ampla aceptación que resolva unha cuestión tan primordial na normalización do idioma».

CONCHA PINO
SANTIAGO

Os doutores que forman o consello científico do Instituto da Lingua Galega (ILG) fixeron pública a súa posición. Lamentan a decisión da Real Academia Galega de rexeitar unha proposta que «respectaba íntegramente o espírito da actual normativa oficial, que considera o galego como unha lingua autónoma cunha forma escrita propia».

Os cambios «eran moi limitados», argumentan os lingüistas, «modificacións no grao de preferencia de formas que xa están incluídas na norma vixente», na liña das reformas de 1995 aprobadas pola RAG, e reaxustes morfolóxicos.

En canto a *Galicía* ou *Galiza*, o ILG aclara que se trata «dunha simple constatación dos feitos lingüísticos» entre «a denominación oficial do país e a forma maioritaria na expresión oral e escrita», que mantiñan na proposta, e unha forma «lexítimamente galega, ampla-



EDGARDO

mente documentada na época medieval e recuperada no galego contemporáneo».

O ILG está convencido de que a proposta «contribuiría a resolver un grave problema para a consolidación social do

galego, ó permitir que un amplo sector, moi significativo na vida cultural, se incorporase á normativa oficial».

As modificacións non implicaban que os que usan a normativa vixente quedasen fóra

dela, porque «eran poucas e de escasa entidade». Desde o ILG xulgan que o amplo respaldo académico e social «mostra que existe un problema real que cómpre resolver en ben da saúde do idioma».

O debate transcende o ámbito lingüístico

O debate pola decisión da RAG transcende a ámbitos sociais. Moitas persoas non conseguiron atopar sitio onte nun café de Santiago para asistir a unha mesa redonda cos lingüistas Henrique Monteagudo e Xosé Ramón Freixedo para falar do tema.

► **CIG-Ensino.** A central sindical expresou a súa «indignación» polo acordo da RAG e anuncia accións para reclamarlle que retome o tema. A «decepción e sorpresa» explícanse porque a reforma «suporía un paso adiante na normalización da nosa lingua», e non aprobala é un «retroceso» que «soamente interferencias políticas partidarias poden explicar».

► **Concello de Santiago.** Tamén saíu ó paso por medio do ponente de Normalización Lingüística, Manuel Portas, que afirmou que neste concello «nunca se discriminou por mo-



PACO RODRIGUEZ

O espazo quedou pequeno para o debate sobre a proposta de reforma da normativa do galego

tivos de normativa ortográfica e lamentamos que non prosperase un acordo que sumaría esforzos». Agarda «que teñan a sabedoría de saber rectificar».

► **Associaçom Galega da Lingua.** A entidade AGAL lamentou que se rexeitara un acordo que, sendo «insuficiente» para esta asociación de ten-

dencia lusista, supón exclusión e desprezo para un considerable número de persoas e colectivos empeñados na normalización do idioma.

Os autores da proposta van aplicar as modificacións

Podían actuar como os cinematográficos *Doce homes sen piedade*, pero os lingüistas da comisión que elaborou a proposta de modificación da normativa oficial decidiron darlle un tempo á Real Academia Galega para que recupere a iniciativa. Hoxe farán público un comunicado co que demostrarán a pouca relevancia das reformas, utilizando no texto os cambios propostos.

Eles son os representantes do ILG (Fernández Rei, Antón Santamarina e Manuel González), dos departamentos de Filoloxía da Coruña (Manuel Ferreiro, Paulo Martínez e Xosé R. Freixedo), Vigo (Henrique Costas e Gonzalo Navaza) e Santiago (Henrique Monteagudo, Xosé L. Regueira e Ernesto González), e o membro da AS-PG, Alberte Ansede, que foi o moderador.